

ACTA DA VIII ASAMBLEA NACIONAL DE EU-IU:

Data: 18 de Outubro de 2003

Lugar: Ferrol, I.E.S. Marqués de Suanzes.

Asistentes: Van 107 dos 125 delegados elexidos nas comarcas. Polo tanto faltan 18 delegados.

A hora de recollida das acreditacións e da documentación é ás 09:30 h.

A Asamblea tén hora de comezo ás 10:00 h.

Despois de que os delegados/as presentes recollen as súas acreditacións e carpetas coa documentación na entrada do Instituto, comeza a Asamblea ás 11:00, cunha hora de atraso, coa votación por parte dos presentes do horario e regulamento e membros da mesa.

A proposta de horario e regulamento ten os seguintes resultados:

Horario e Regulamento	A favor	En contra	Abstención	Resultado
	58	0	8	Aprobada

A proposta dos membros da mesa ten os seguintes resultados:

MESA	A favor	En contra	Abstención	Resultado
	73	0	7	Aprobada

Así, a mesa está composta por: José Ramón Millos González (Redondela), Román Alonso Santos (Vigo), Waldino Varela (Val Miñor), Germán Amor Varela (Ferrol), María José Ogando González (Ourense), Roberto López Lage (A Coruña), Juan José Guirado Fernández (Pontevedra), Paula Prado Fandiño (Lugo), Raquel López Álvarez (Santiago), María Leonor Soilán (Arousa), Orlando Expósito Mariño (A Mariña), Zita Sanromán (O Morrazo), José M. Sánchez Mesejo, Manuel Peña-Rey Bouzas, Carlos Anxo Portomeñe, Yolanda Díaz Pérez, Isabel Sánchez Corral.

A seguir, a mesa escolle os cargos de presidente/a, vicepresidente/a e dúas secretarías. Proponse a seguinte composición:

Presidencia: **Yolanda Díaz Pérez**

Vicepresidencia: **Manuel Peña-Rey Bouzas**

Secretaría: **María José Ogando González**

Secretaría: **Juan José Guirado Fernández**

A votación sae por **unanimidade** dos votos da mesa **Aprobada**.

A continuación, unha vez constituída a mesa e os membros de presidencia, vicepresidencia e as secretarías, Pilar Díaz dá lectura ó Informe Político e Balance de Xestión.

Despois da lectura deste Informe, Yolanda Díaz Pérez, presidenta da mesa, dá lectura ás **comunicacións** que os **colectivos invitados** e que non poden asistir envían, que son:

1. **PCP Norte Portugal** (Partido Comunista Portugués)
2. **STEG** (Sindicato de Traballadores e Traballadoras do Ensino de Galicia)
3. **C.I.G.** (Confederación Intersindical Galega)
4. **ARSGAC** (Asamblea de Resistencia e Solidaridade Global da Coruña)
5. **Voluntariado Social ROGAS**

6. **FAXPG** (Federación de Asociacións de Xordos do País Galego)
7. **Mulleres Cristiás Galegas**
8. **Delegación Saharaui para Galicia**

Unha vez lidas as comunicacións, é o turno das intervencións dos colectivos si presentes na Asamblea, que terán entre 3 e 5 minutos cada unha, agás o representante de **I.U. Federal**, *Ginés Fernández*, que téñen 10 minutos e despois del falan:

1. **S.N. das CC.OO. de Galicia**: *Xan María Castro*
2. **U.X.T.** (Unión Xeral de Traballadores): *Manuel Golpe*.
3. **S.L.G.** (Sindicato Labrego Galego): *Alberto Veiga*.
4. **ADEGA** (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia): *Alberte Sánchez*
5. **HOAC** (Hermandad Obrera de Acción Católica): *Teresa Vilariño*
6. **Familia José Couso**: *Kiko Permy*

A **Asociación Galega de Axuda ó Pobo Saharaui** retrásase e non fai a súa intervención.

O **Consulado de Cuba en Galicia**: *María Sánchez*, disculpa a non asistencia por problemas alleos a eles.

As lecturas dos comunicados e as intervencións de colectivos convidados remata ás 12:20, hora en que as **delegacións comarcais** se reúnen para **debatir o Informe Político e Balance de Xestión**.

Despois das reunións das Delegacións, **retómase o Plenario ás 13:00**, cando comezan as **intervencións das organizacións comarcais sobre o Informe Político e Balance de Xestión**, cun tempo total de **10 minutos para cada delegación**, no caso de que haxa **unha soa intervención**. Se existen **dúas intervencións** dunha mesma delegación, o tempo é de **6 minutos** para a **maioritaria** e de **4 minutos** para a **minoritaria**. As intervencións das delegacións faranse por estricte orde alfabética.

Intervencións:

-A Coruña: 2 intervencións.

1. Minoritaria: 4 minutos.

Non están moi de acordo co Informe, xa que, se ben si recolle parte da realidade do momento, deixa tamén sen mencionar moitas outras realidades actuais, tanto dos problemas da organización coma da situación política do mundo. Comentan que non se interveu en momentos importantes, e salientan o pacto de pensións de CC.OO., a folga xeral proposta por Nunca Máis e a folga xeral pola intervención de Irak, proposta tamén por CC.OO, coma exemplos importantes de momentos de falta de posicionamento por parte da organización.

Consideran que o Informe é electoral e político, pero non organizativo. Pensan que o reto debe ser facer un C.P.N. forte, recuperar o vello traballo en movementos sociais. Opinan que o Informe non sitúa a VIII Asamblea Nacional de EU-IU no contexto no que se move en realidade.

2. Maioritaria: 6 minutos

A posición maioritaria da Coruña está de acordo co Informe na súa xeralidade. Pensan que a base é que un documento destas características debe ser breve. Estamos mellor ca antes, hai máis presenza na rúa. Din que podería estar mellor, é dicir, é mellorable. A realidade que ve esta postura maioritaria da Coruña é que presentando en Galicia menos candidaturas ca outros anos, os resultados foron mellores

proporcionalmente. Tamén pensan que desta Asamblea téñ que saír un C.P.N. forte, cohesionado...O último veno moi languidecido. Din que hai xente que deixou de participar, e sen embargo agora protestan pola falta de traballo ou polos resultados. Chaman ó que non teñen vido traballar e participar nos últimos tempos a que muden de actitude e volvan ter vontade de facer cousas e ilusión por axudar. Conclúen que o que téñ que facer EU-IU, en xeral e a organización por dentro, é “medrar, medrar e medrar”.

-A Mariña: 1 intervención, 10 minutos.

Esta delegación considera que non existe Informe de Xestión. Isto é o que pensaron xa na anterior Asamblea. Non se di o que se fixo nos últimos 3 anos. Pensan que a situación é tan precaria coma hai 3 anos. Non están a favor, mais tampouco en contra, pensan que este é un punto de partida para seguir cara a adiante. Pensan que non se está facendo un funcionamento de abaixo a arriba, como din que debería ser.

-Arousa: 1 intervención, 10 minutos.

Tampouco aproba o Informe. Non recolle o básico do que ocorre hoxe en día. Din que se conseguiron cousas, por parte de todos, non só dunha parte da executiva. Pensan que EU-IU non pode convivir coa sociedade actual, coa que se está facendo unha acción de convivencia, e sen embargo o que se debe facer é mudala. Pensan que a Executiva se autoproclamou. Pensan que o C.P.N. é pequeno e van poucos ás reunións porque non foi asumido pola xente, é dicir, que a falta de xente nas reunións do C.P.N. reflicten o desacordo coa Executiva, segundo eles autoproclamada. Non hai comunicación entre as comarcas na realidade. Din que falta democracia interna. Tamén pensan que non tódolos colectivos interveñen. Opinan que EU-IU se “apretou o cinto” para certas cousas, e sen embargo para outras despilfarra os medios que se teñen, coma por exemplo para a actual Asamblea (carteis da Asamblea, liberalización da organización só en Ferrol, etc). Non estamos a organizar as plataformas (Nunca Máis, Coordinadora Galega pola Paz, etc), senón que formamos parte delas. Tivemos mellores resultados electorais, pero poden ser mellores.

-Ferrolterra: 1 intervención, 10 minutos

Dá un si crítico. Pensan que, en relación á intervención de Arousa, a xente que falta ás reunións do C.P.N. non o fai por que non estea de acordo coa Executiva, senón por outras razóns (non especifica cales). Pensan que si que se informa. Tamén di que é un Informe triunfalista. Despois das autonómicas traballouse de forma humilde, pero estamos aí. Temos relacións con organizacións importantes. É precario no contido político (infraestrutura en Galicia). Lamentan a falta do tema da invasión de Irak no Informe. Non se fai reflexión económico-social, así como tampouco se fala do tema mobiliario, a especulación, a precariedade laboral, a sanidade en Galicia, a Folga Xeral en Galicia (foi errónea a decisión do C.P.N.). De todas maneiras, todo isto dise en positivo, para mellorar e seguir adiante. Pensan que sendo tan pequenos, somos capaces de estar aquí hoxe. Hai que ser moi críticos, pero sempre en positivo.

-Lugo: 2 posicións.

1. Minoritaria, 4 minutos:

Fala Carlos Dafonte, e di que quere el persoalmente, asumir toda a responsabilidade de todo o que se puido facer e da situación da organización. O informe non lle gusta demasiado. Fáltanlle moitas cousas. Vota que NON. Pensa que é un discurso triunfalista. Despois das mobilizacións sobre todo. Pregúntase por qué despois das manifestacións varias, non se puido reflectir en votos o que ocorreu. Di que o PP

perdeu votos, o BNG está estancado e o PSOE mantense sen problemas, entón, qué ocorre con EU-IU. Di que estar nas mobilizacións non implica estar na sociedade. Sen teoría non pode haber práctica. Pensa que debe haber máis debate político.

2. Maioritaria, 6 minutos:

Din que SI ó Informe, pero tén que reflectir cousas que pasan e non están (Bolivia, a resolución da ONU respecto a Irak, etc). Hoxe é un día para unir (a pluralidade de EU-IU). Participamos en todo. Pensa que EU-IU impulsou movementos antiglobalización, temas relativos á muller, etc. Temos relacións institucionais. Opinan que esta Asamblea é un camiño moi importante. Hai máis repercusión en Ferrol que proporcionalmente en Xixón, máis grande en espacio e en poboación. Esta Asamblea tén que ser de relanzamento. Pensa que temos debilidade orgánica. Le unha frase de Bertinotti, que di que “os tempos da resistencia xa pasaron”, no sentido positivo, que a partir de agora soamente temos que ir cada vez a máis.

-O Morrazo: non intervén.

-Ourense: 1 intervención, 10 minutos.

Pensa que non se pode protestar, sobre todo se organizacións maiores cá de Ourense levan o mesmo número de persoas á Asamblea ca Ourense. O problema é que nas comarcas hai pouca participación, non é un problema de arriba. Ourense, con todos os problemas que pode ter, tanto internos coma no contexto e na cidade na que se move, sempre estivo presente nas reunións do C.P.N. Hai que ser máis positivos. Hai que seguir adiante, e aínda que non todo sexa de cor de rosa. Tamén opina que no Informe hai certas cousas que xa se dan por comprendidas e sabidas, non é preciso pór cada pequeno detalle, que todos coñecemos. Si é verdade que se deberían desenvolver máis as ideas. Temos que buscar a cohesión interna, e non estar cada un tirando para a súa banda.

-Pontevedra: 1 intervención, 10 minutos.

Considera que se está a procurar puntos de diversificación, cando se os propios invitados, tan diversos, teñen puntos en común con nós, moitos máis temos que ter nós entre nós mesmos. O Informe debe ser breve e non un tema desenvolvido, polo que lle parece correcto. Non se peca tanto de triunfalismo en xeral, senón máis ben da vontade de ir a mellor, e é verdade que se medrou, polo tanto non se está tampouco mentindo ou esaxerando en momento ningún. Non cre que debamos estar lamentándonos porque os medios de comunicación non queiran falar de nós, senón comprender simplemente que non lle interesa darnos publicidade, e así o fan. Somos nós os que temos que publicitar máis todo aquilo que facemos, no que participamos, etc, e deixar de tanto lamentarse.

-Redondela: 1 intervención, 10 minutos.

Comeza dicindo que EU-IU naceu a raíz dunha mobilización contra a OTAN, polo tanto é en realidade xa unha seña de identidade da organización. O que se fai para fóra, hai que facelo tamén para dentro, e non criticar agora cousas que son a base da propia organización. Sempre debe existir a transparencia e non dicir as cousas a medias. Todos os sectores da organización deben estar sempre presentes, precisamente para superar as diferencias, que son en boa parte as que fortalecen a organización, a diversidade de opinións que enriquece o diálogo. Pensa que todos somos en parte culpables e responsables de cómo vaia a organización, todo o mundo debería participar máis, loitar máis e facer o seu pequeno terreo de participación e axuda. Hai que

participar todos os días do ano. En resumo, con matices, dá un SI. Pensa que o máis importante non é o discurso bonito que poidamos dicir, senón ter unha dirección forte que a esquerda se merece en Galicia.

-Santiago: 1 intervención, 10 minutos.

Pensan que o Informe é pouco crítico, aínda que é verdade que medramos. Habería que valorar máis cousas. Din que faltan cousas. Tamén pensan que hai ausencia de programa político concreto en Galicia, por exemplo no caso do Estado Federal, hai que ter moi claro qué tipo de goberno se quere levar en Galicia e qué se lle quere dar á sociedade de Galicia. Hai que recoñecer o esforzo da Dirección, a pesar das críticas que se lle poidan facer e que de feito se lle fan. Valórase criticamente, pero en positivo. Din que o contexto é difícil, a nosa situación tamén. Hai que ser leais todos a todos dentro da organización, a todos os compañeiros/as. Pide a todos que non haxa “trapicheos”.

-Valmiñor: 1 intervención, 10 minutos.

Isabel Mato comenta que vén dunha realidade e entrou noutra, de estar en Vigo, onde había moitos afiliados e non ía case ninguén en proporción ás reunións, a estar en Valmiñor, onde hai moi poucos afiliados, pero todos están moi ilusionados e asisten maioritariamente ás reunións e teñen moitas gañas de facer cousas e tirar adiante. A opinión do informe, que ela aclara que é colectiva, é que non é de recibo levar máis dun ano sen coordinador xeral en Galicia, e isto non se di no Informe. A autocrítica é boa para corrixirse. A falta dela fixo non rentabilizar a nivel Galicia votos, ó non haber un representante claro falando en nome de EU-IU, igual que a nivel Federal estaba Gaspar Llamazares. Isto fixo que todos tivesen que ir falando a nivel persoal, local ou comarcal sen saber moi ben en certos momentos qué se supón que deberían dicir respecto á Nacional. Concretamente Valmiñor quéixase de non saber cómo levar a afiliarse a moita xente que lles preguntaba e á que non sabían responder. Faise unha serie de preguntas retóricas, para que todo o mundo teña en conta. Dá bastante a idea de que hai moitos fallos e cousas importantes non funcionan. Actitude de pesimismo. Pensan, en conclusión, que o Informe non fai a análise da situación real actual.

-Vigo: 1 intervención, 10 minutos.

Comeza animando a Asamblea, xa que temos que mellorar, “porque somos necesarios”. A valoración do Informe é negativa. Pensa que se centra na acción política. Non hai correspondencia entre o Informe Político e o Documento de Organización. As condicións obxectivas para a esquerda son favorables. Se nós somos a esquerda ¿por qué estamos así? Estamos contaminados e alienados, cada un de nós, pola influencia do tipo de linguaxe, sobre todo, da dereita, opina Vigo. Pensa que falta o traballo militante, que falla, e tamén o da organización. Conclúe que, de fallar os dous, quen máis responsabilidades ten, ou máis traballo tén, máis fallará. Tamén pensan que é triunfalista. Din que falta campaña electoral sobre moitos problemas (pon o exemplo da produción e comercialización da electricidade e a súa falta de repercusión en beneficios en Galicia, entre outros exemplos coma a plantación de eucaliptos, a gandería, a agresión ambiental, etc). Critica a reunión tardía do C.P.N. só a finais de xaneiro, o que fixo que non houbese unha postura desde el sobre o tema do Prestige. Tamén opinan que falta formación tanto dos afiliados coma dos simpatizantes. E finalmente, din que debemos crear un claro Proxecto Político Nacional Galego.

Unha vez expostas todas as intervencións das delegacións, Pilar Díaz procede a ler o **resumo** do mesmo, cando son xa as 14:45 h, e procédese á **votación do Informe Político e Balance de Xestión**, que queda co seguinte resultado:

Informe Político e Balance de Xestión	A favor	En contra	Abstención	Resultado
	54	29	21	Aprobado

Remata a votación ás 14:50, hora á que se interrompe a Asamblea para ir xantar.

Ás 17:00 aproximadamente, con media hora de retraso, as dúas **Comisións** reúnen para **debatir**, unha sobre o **Documento Político**, e a outra sobre o **Documento de Organización, Estatutos e Finanzas**.

As 19:00 remata a **Comisión de debate do Documento Político**, e ás 19:30 a **Comisión de debate do Documento de Organización, Estatutos e Finanzas**.

Ó mesmo tempo, desde as 17:00 aproximadamente, ata as 18:30, preséntanse as **candidaturas ó C.P.N.** e á **Comisión de Garantías**, así como as **Resolucións**.

Xa case ás 20:00 comeza o **debate no Plenario dos documentos Político e de Organización**. Vótase por parte de todos os asistentes, dar **3 minutos** para as **enmendas maioritarias** e **2 minutos** para as **enmendas minoritarias**.

Primeiro faise un **resumo das enmendas** que foron aceptadas, rexeitadas, etc, do Documento Político.

A votación do plenario das cinco enmendas que quedan teñen os seguintes resultados:

Nº Enmenda	A favor	En contra	Abstencións	Resultado
1	49	45	16	Aprobada
2	35	50	19	Non Aprobada
3	31	60	11	Non Aprobada
9	48	47	13	Aprobada

A continuación **Pilar Díaz** fai o **resumo da Comisión do Documento de Organización, Estatutos e Finanzas**:

Das **11 enmendas presentadas** 1 xa é aceptada na Comisión, 2 son retiradas, 6 pasan como minoritarias e 2 pasan como maioritarias.

A seguir procédese á defensa das enmendas, do texto e votación de cada unha delas. O resultado da votación no plenario é:

Nº Enmenda	A favor	En contra	Abstencións	Resultado
1	25	70	9	Non Aprobada
2	25	63	11	Non Aprobada
3	31	55	13	Non Aprobada
4				Aprobada xa
5				Aprobada xa
6	18	47	28	Non Aprobada
8	25	48	22	Non Aprobada
11	31	58	9	Non Aprobada

Dos tres documentos a votar, preséntase tamén un resumo dos resultados da Comisión de debate do Documento de Organización, Estatutos e Finanzas.

De 12 enmendas: 2 decaen, 10 pasan coma minoritarias.

Os resultados da votación no plenario son:

Nº Enmenda	A favor	En contra	Abstencións	Resultado
1	28	56	14	Non Aprobada
2	26	64	11	Non Aprobada
4	15	63	21	Non Aprobada
5	8	67	22	Non Aprobada
6	13	71	19	Non Aprobada
8	18	58	21	Non Aprobada
9	7	74	14	Non Aprobada
10	12	68	16	Non Aprobada
11	17	64	20	Non Aprobada
12	34	61	9	Non Aprobada

Unha vez votadas xa todas as enmendas ós documentos, procédese á presentación por parte da mesa das listas de candidaturas para a elección do C.P.N.

Por non poder ter fotocopias das mesmas, lense os membros de cada unha das dúas listas, que son:

Lista número 1:

1. Pilar Díaz Otero
2. Carlos Anxo Vázquez Portomeñe
3. Yolanda Díaz Pérez
4. Manuel Pérez Pardo
5. María Luísa Lores
6. Manuel Peña-Rey Bouzas
7. Isabel Sánchez Corral
8. Álvaro Larre-Borges
9. Belén Puentes
10. José Luís Méndez
11. Arístides Álvarez Arce
12. María Soliña Soilán
13. María Luz Maset Catalá
14. Manuel Sánchez Martínez
15. Carmen Becerra
16. María Luz Ponte
17. José Abades
18. Paula Prado
19. Javier Meléndez
20. José María Tubío

Lista número 2:

1. Juan Manuel Fajardo Recouso
2. Roberto González Laxe
3. Carlos Dafonte Díez
4. Román Alonso Santos
5. María Leonor Soilán Calvo
6. Fernando Ramos Armesto
7. Isabel Mato Landeira
8. Florentino Valado Pachón
9. Julio Alonso
10. Jesús María Fontenla Fuster
11. Arturo Llago Bouza
12. Teresa Maseda Paz
13. Anxo González Culebras
14. Xaquín García Sinde
15. Gonzalo Bea Montenegro
16. Mariano Ibáñez López
17. Olalla Alonso Gómez
18. Ramón Bueno Laya
19. Ramón Bueno Piñeiro
20. Juan Lamelas.

As listas van cos avais necesarios, un 10% como mínimo.

Tamén se presenta a candidatura para o Comisión de Garantías, da que soamente existe unha lista, xa que soamente catro persoas presentan aceptación de candidatura, así, a única lista existente é:

1. **Josefa Varela (Ferrol)**
2. **Fernando Díaz Fornos (A Coruña)**
3. **Javier Barroso (Pontevedra)**
4. **Waldino Varela (Vaimiñor)**

A votación farase da seguinte maneira: A presidenta da mesa, Yolanda Díaz, vai chamando comarca por comarca para realizar a votación, tanto das candidaturas ó C.P.N. coma á Comisión de Garantías. Os votos consistirán no nome da persoa que encabeza a lista para o caso do C.P.N., ou poñendo *Abstención* ou en branco, e para a Comisión de Garantías, pór un SI, un NON ou *ABSTENCIÓN* (valendo tamén en branco coma a tal *Abstención*). A votación faise en urna legal, presentando a acreditación de delegado/a, que será cortada no momento de votar, e vindo comarca por comarca por orde alfabética.

Unha vez rematada a votación, dúas persoas de cada lista presentada e os dous secretarios da mesa proceden ó reconto.

Entretanto vanse votando as resolucións no espacio do plenario.

Os resultados da votación das listas é o seguinte:

C.P.N.	Lista Pilar Díaz	Lista José M. Fajardo	Abstención	Nulos
	65	32	6	2

Os resultados da votación da Comisión de Garantías é o seguinte:

Comisión de Garantías	SI	NON	Abstención	Nulos
	68	5	28	4

Presentáronse **13 resolucións**, que tiveron os seguintes resultados:

RESOLUCIÓN	A favor	En contra	Abstención	Resultado
1	O resto	0	2	Aprobada
2	40	0	20	Aprobada
3	Unanimidade	0	0	Aprobada
4	Unanimidade	0	0	Aprobada
5	Unanimidade	0	0	Aprobada
6	Unanimidade	0	0	Aprobada
7	Unanimidade	0	0	Aprobada
8	Unanimidade	0	0	Aprobada
9	Unanimidade	0	0	Aprobada
10	24	41	13	Non Aprobada
11	Unanimidade	0	0	Aprobada
12	O resto	0	3	Aprobada
13	Unanimidade	0	0	Aprobada

Unha vez votadas e aprobadas todas as resolucións, agás a número 10, pásase a calcular as porcentaxes para formar o listado definitivo do C.P.N., que é o seguinte, definitivamente.

1. Pilar Díaz Otero
2. Carlos Anxo Portomeñe

3. Yolanda Díaz Pérez
4. Manuel Pérez Pardo
5. María Luísa Lores
6. Manuel Peña-Rey
7. Isabel Sánchez Corral
8. Álvaro Larre-Borges
9. Belén Puentes
10. José Luís Méndez
11. Arístides Álvarez Arce
12. María Soliña Barreiro González
13. María Luz Maset Catalá
14. Juan Manuel Fajardo Recouso
15. Roberto González Laxe
16. Carlos Dafonte Díez
17. Román Alonso Santos
18. María Leonor Soilán Calvo
19. Fernando Ramos Armesto
20. Isabel Mato Landeira

Reúnese o recén electo C.P.N. para escoller ó/a coordinador/a xeral de EU-IU.

Unha vez rematada esta reunión, dáse a coñecer no plenario o nome do coordinador xeral de EU-IU, que é Pilar Díaz, que sae pola seguinte votación:

COORDENADOR	A FAVOR	EN CONTRA	ABSTENCIÓNS
	19	4	2

Cando xa son as 23:00 h. dá clausura á VIII Asamblea Nacional de EU-IU Pilar Díaz, nova coordinadora xeral de EU-IU.

En Ferrol, 18 de outubro de 2003

María José Ogando González